



**Merja Virolainen** naceu en Lapua (Finlandia) en 1962, e reside hoxe en Helsinqui, onde traballa como directora e profesora da escola de escrita Academia Crítica, a mellor do seu xénero en Finlandia.

Diplomada en Deseño de Moda e licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Helsinqui, Virolainen ten publicados ata hoxe cinco poemarios: *Hellyyttäsi taitat gardenian* (Por mor da túa tenrura rompes unha gardenia, 1990), *Tervapeili* (Espello de alcatrán, 1995), *Pilvet peittävät sisäänsä pilvet* (Nubes abrazan nubes, 2000), *Olen tyttö, iha-naa!* (Son unha moza, que marabilla!, 2003) e *Valloittaja* (Conquistador, 2012). É autora tamén dunha obra teatral titulada *Täyttymyskomedia* (Comedia de cumprimento, 1993) así como de *Kontaktia halutaan* (WLTM [Gustaríame que quedásemos], 2007), unha colección de textos en prosa que inclúe relatos poéticos tanto coma poemas en prosa.

É unha das máis importantes poetas da súa xeración en Finlandia, e a súa galardoada escrita ten influído nas novas fornadas notablemente. Virolainen ten viaxado ao estranxeiro para ler os seus poemas ata en quince países, e, ademais dunha antoloxía da súa obra aparecida en Italia en 2004, poemas seus foron traducidos a máis de quince distintas linguas entre as que se conta o galego (dentro da obra colectiva *Con barqueira e remador*, de 2013). Tamén ela ten traballado arreo como tradutora de poesía, dende o inglés, alemán e sueco. Colaborou en todo tipo de medios escritos con recensións e artigos sobre literatura, e coordinou antoloxías e volumes colectivos. Especializada en poesía, crítica e xénero, de igual xeito desempeña labores de editora, xornalista, ensaísta e crítica, así como de docente de escritura creativa.

*Pendurada da póla da mazaira  
cabeza abaixo, co pelo todo de punta,  
randéome, o ceo de herba  
pasa voando, choven troncos de árbore,*

*o peixe trouxo o avó do lago,  
as vacas recolleron do prado a avoa,  
a masa amasa a man dende o mesado.*

*As patacas erguéronnos da terra,  
os campos aráronme,  
a herba está agatuñando por Michi,  
ósos rillan no Tobi, baixo as silvas de grosellas  
vermes peteiran nas pitas.*

*A mazá mordeu a Eva,  
a fame devórame a cada bocado,  
e a morte vén tamén  
a respirar dos meus pulmóns o aire,  
e logo pasa:*

*déixome caer dende as miñas palmas  
cos pés na terra*



## (MERJA VIROLAINEN)

Luns 3 de febreiro  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |





**Elvira Riveiro Tobío** naceu en Pontevedra (1971), aínda que actualmente reside en Vigo. cursou estudos de Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago e de Maxisterio na de Vigo. Ten traballado como profesora de lingua, literatura e cultura galegas na Universidade de Vigo, así como no ensino primario, medio e para persoas adultas.

A súa actividade pública como escritora iniciárase na internet a partir do ano 2003, pero o seu debut en papel veu da man de *Andar ao leu* (2005). Seguidamente obtivo o XVII Premio de Poesía Rosalía de Castro de Cornellà (Barcelona) por unha serie de poemas que axiña verían a luz incluídos en *Arxilosa* (2005). En 2007 foi finalista do Premio Merlín de literatura infantil co conxunto de poemas monovocálicos *Palabras brancas* (Premio “Xosé Neira Vilas” da Asociación Galega de Editores ao mellor libro infanto-xuvenil do ano). En 2009 sae *Biografía da Multitude*, II Premio Victoriano Taibo de poesía e escrito a catro mans xunto con Silvia Penas. Os seus dous últimos títulos obtiveron igualmente cadanseu galardón: o Premio de poesía erótica Illas Sisargas por *carnia haikai* (2012) e o XVII Premio Avelina Valladares por *corpos transitivos* (2013).

Hai textos soltos dela repartidos por diferentes publicacións periódicas, libros colectivos e numerosas antoloxías. Interesada na poesía experimental e confluyente con outras artes, mantivo no portal *culturagalega.org* unha sección de poesía visual, e actualmente participa no espectáculo poético-musical *Tristecentos versos* (canda a dj Carina Posse e os poetas Silvia Penas e Xabier Xil Xardón). Ademais, xunto coa artista alemá Carina Posse, ten feito incursións na videopoesía, a performance e a acción poética multimedia.

#### *Balada do peep-show*

*se botas outra moeda danzareí de novo para ti  
non haberá máis condena que o vidro ennegrecido  
(poderás seguir matando gatos nas piscinas)  
e o bamboleo da que non se sabe se dentro dun camión de machorras  
para a feira  
ou a star dunha marcha triunfante-alucinóxena*

*e se sorrío poderás lerme nos dentes o destino que te espera  
(canto mellor será se a túa moeda é grande  
e o teu amor)*

*pero mentres ollas e non afundo  
neste asedio de lodo e de indixencia  
en canto xira o meu podio fascinante  
se botas outra moeda  
danzarei de novo para ti*



(ELVIRA  
RIVEIRO)

Luns 3 de febreiro  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

